

Estimado/a señor/a:

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, como un axente que aglutina a unha importante parte dos traballadores e traballadoras dos servizos do estado de benestar en Galicia, é consciente da importancia que ten a súa forza política na construción do modelo de sociedade a través da representación no poder lexislativo estatal. E por iso, queremos compartir con vostede unha reflexión sobre a construción do estado de benestar e os elementos que dende Galicia consideramos esenciais.

O estado do benestar esta sostido en seis pilares fundamentais: Educación, Sanidade, Vivenda, Emprego, Garantía de Rendas e **Servizos Sociais**. Cada un deste pilares ten como misión satisfacer unha necesidade básica das persoas e comunidades, e polo tanto define as relación sociais e as biografías da cidadanía.

Para poder facer un traballo óptimo e eficaz dende calquera destes sistemas necesítase:

- Un financiamento público con dotación orzamentaria suficiente e sostible e que converxa co gasto social europeo.
- Unha estrutura de prestación de servizos que estableza a complementariedade entre o público e o privado, e dentro deste a entre o terceiro sector e as empresas.
- Promulgar unha lei de servizos sociais que estableza e garanta un sistema mínimo de servizos sociais para todas persoas que viven en España.
- A necesidade de establecer a atención social en cada un dos sistemas de benestar, que permita o traballo en equipo e a complementariedade das accións, colocando á persoa no centro de toda intervención.

Dende a nosa realidade profesional destacamos a necesidade de que se visibilice a crise dun sistema que atende a mais de 6 millóns de persoas e está en continuo aumento, un sistema disperso e maltratado polos recortes, e insuficientemente dotado para poder dar resposta a tanta demanda.

Os servizos sociais representan unha inversión imprescindible para garantir unha convivencia persoal positiva e que non quebre a cohesión social. Xustiza social fronte a beneficencia.

Por último queremos facerlle chegar o documento **“Propuestas políticas desde el Trabajo Social”**, elaborado polo Consejo General de Trabajo Social que recolle unha serie de propostas construídas dende a visión global para todo o Estado. Este traballo foi redactado co obxectivo transmitir de xeito claro e directo a análise que dende a nosa óptica facemos de todos os sistemas de protección social e as medidas básicas para melloralos.

Esperamos que esta información que lles transmitimos coa mellor das nosas intencións lles sexa de utilidade no seu traballo presente e futuro, e por suposto ofertamoslle a nosa colaboración para calquera cuestión relacionada con este tema.

Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta



Asdo Miriam Rodríguez Sierra

www.traballsocial.gal

Presidenta do COTSG